



Comunicado do bispo de Mondoñedo-Ferrol con motivo do 50 aniversario dos sucesos do 10 de marzo do 1972 en Ferrol



Fernando García Cadiñanos

Dentro do seu esforzo por coñecer a realidade da diocese e de darse a coñecer, o bispo de Mondoñedo-Ferrol entrou en contacto cos representantes sindicais da bisbarra ferrolá e coa realidade obreira que a caracteriza.

Logo, o 10 de marzo pasado, participou nos actos conmemorativos do 50 aniversario dos sucesos trágicos de Ferrol do ano 1972, cando dous activistas sindicais, Amador e Daniel, foran abatidos pola policía do Réxime. Nesta ocasión D. Fernando García Cadiñanos ofreceu o comunicado adxunto, que *Encrucillada* agradece especialmente no nome das dúas persoas defuntas e de todo o movemento obreiro.

Conmemoramos hoxe o cincuenta aniversario dos sucesos que aconteceron na cidade de Ferrol o 10 de marzo de 1972 e que causaron tristemente dous falecidos: Amador Rey e Daniel Niebla. Trátase dunha data chave na historia de toda esta cidade. Seguro que moitos de vós aínda a gardades no voso corazón. Enmarcados nunha época moi distinta á nosa, é bo que a poidamos lembrar, non só para realizar un exercicio histórico, senón fundamentalmente para facer memoria do acontecido e espertar claves fundamentais que non debemos esquecer nin como sociedade nin como Igrexa.

Todos somos conscientes do momento convulso que se vivía naqueles días de ausencia de liberdades, de ansias de participación política e sindical, de loita pola xustiza e a dignidade dos traballadores... O vivido durante aqueles meses contribuíu ao crecemento nos valores do movemento obreiro e na dignidade como pobo,